

MANIFESTO

NON AO GASTO MILITAR, O BELICISMO E O MILITARISMO

Actualmente máis de cincuenta conflitos bélicos afectan a varias rexións do mundo. Á invasión de Ucraína por Rusia, o xenocidio do goberno israelí contra o pobo palestino, hai que engadir outras guerras en lugares con menos cobertura mediática como Sudán, D.R. do Congo, o Sahel, etc., pero que tamén causan miles de mortes. En todos eles hai que promover o alto o fogo.

Nestas circunstancias, prodúcese a chegada de Donald Trump á Casa Branca, que empeorou aínda máis a carreira armamentística e o belicismo que había no mundo e en Europa como consecuencia da guerra de Ucraína.

A historia ensínanos que os momentos de militarización son sempre o preludio da guerra. Por iso fai anos que están a preparar o marco de xustificación. En 2014, os países da OTAN acordaron aumentar os orzamentos de defensa ata o 2% do PIB. Despois da invasión de Ucraína e do actual xenocidio a Palestina, as prioridades políticas da OTAN e da UE foron redirixidas para impulsar o aumento do gasto na adquisición de novas armas, a incorporación do servizo militar obrigatorio e o financiamento da industria militar para producir máis e a creación de máis fondos de financiamento para desenvolver novos prototipos máis letais e autónomos.

O novo secretario xeral da OTAN, Mark Rutte, afirmou que o 2% non é suficiente e que haberá que facer sacrificios. Moitos gobernos europeos están de acordo co aumento; mesmo ata un 5%. Consideran que a seguridade é o máis importante e que haberá que facer recortes en sanidade e gastos sociais. Declaracións que foron ratificadas polo lituano Andrius Kubilius, novo secretario de Defensa e Espazo da UE, ou a estoniana [Kaja Kallas](#), a nova secretaria de Exteriores da UE. Donald Trump foi máis aló, esixiu que Europa teña que alcanzar o 5% do PIB en gasto militar, o mesmo que ratificou o primeiro Ministro de Polonia, [Donald Tusk](#).

Na reunión do 17 de febreiro de representantes dos países da UE convocados por Macron en París reafirmouse o obxectivo de aumentar o gasto en defensa e seguridade, flexibilizando as regras de estabilidade orzamentaria e considerar o endebedamento conxunto da UE en gasto militare.

O orzamento do Ministerio de Defensa para o ano 2024 foi o mesmo que o de 2023 porque foi prorrogado, para incrementalalo realizáronse transferencias de crédito por 2.929,2 millóns de euros ata alcanzar os 19.723 millóns de euros, o 1,28% do PIB. Pero considerando que se

quere chegar ao 2% do PIB, representará a colosal cifra de 36.000 M€ e se se teñen en conta outras partidas militares repartidas por outros ministerios, a cifra podería acadar os 46.000 M€. Un gasto que, de seguro, será prexudicial para os gastos sociais.

Un aumento armamentístico impulsado por voceiros das democracias onde on se lle pregunta ás poboacións sobre estes temas tan graves, pero que **co argumento da seguridade favorecen o autoritarismo e o auxe dunha extrema dereita neofascista** que provocará un retroceso da dereitos e liberdades da poboación.

A administración Trump tamén representa a persecución de feminismos e colectivos LGTBIQ+, a negación do cambio climático e o aumento das políticas de carácter xenófobo que acusa aos inmigrantes de ser responsables dos problemas sociais e de seguridade.

As entidades asinantes inician unha CAMPAÑA CONTRA O GASTO MILITAR, considerando que un aumento dos orzamentos de Defensa suporá recortes en todas as áreas de gasto social: sanidade, educación, pensións, servizos sociais e a mellora do traballo digno. Ademais, o **aumento do gasto militar non nos dá máis seguridade, senón que conleva unha maior probabilidade de guerra aberta.**

Pedímoslle ao Goberno:

- **Que non ceda antes as presións da OTAN**, a Comisión Europea ou Donald Trump no aumento do gasto militar.
- **Que poña fin ao comercio de armas** e tecnoloxía militar e de seguridade (compra, venda e tránsito) con Israel.
- **Apostar pola distensión** que, lonxe da retórica ameazante e das espirais armamentísticas da OTAN, active o desarme, abra as portas ao diálogo e á confianza mutua co obxectivo de desescalar os conflitos mediante o uso da diplomacia, a negociación, a cooperación e a non violencia. Estas políticas terían que levar ao fin da violencia armada en Ucraína, Palestina e noutros lugares. Hai que retomar o compromiso dos anos 90 de seguridade común e compartida sen exclusións en Europa.

- **Impulsar unha política exterior orientada á paz**, orientada á seguridade humana, mediante instrumentos como, por exemplo, a mediación, a diplomacia, a defensa dos dereitos humanos ou a intervención civil nos conflitos para construír a paz.
- **Promover espazos de diálogo** entre movementos sociais, académicos e políticos orientados ao desenvolvemento de propostas de políticas de paz, corpos civís de paz, defensa civil e de seguridade non armada. Potenciar os recursos humanos e económicos para a conversión da industria militar en sectores produtivos civís de interese.
- **Promover activamente a paz ambiental** baseada en bases científicas, con políticas ambientais claras de descarbonización xustas e seguras que minimize e reparen os danos que afectarán ás xeracións futuras. Reducir o uso masivo da industria de armas de minerais xa escasos, pero que son necesarios para conseguir un equilibrio ecolóxico máis sostible.
- **Impulsar políticas que incidan na mellora da vida cotiá das persoas**, en materia de vivenda, saúde, educación e servizos sociais. Impulsar unha política de seguridade humana que poña no centro o coidado da vida das persoas e do planeta e fortaleza os vínculos e o apoio mutuo entre os pobos.

Se queredes sumarvos ao manifesto enviade un mail catalunyaperlapau@gmail.com